



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES POLA QUE SE ACORDA UNHA NOVA CONCESIÓN DEMANIAL OUTORGADA DE FORMA DIRECTA AO CLUB DEPORTIVO LUGO SOBRE AS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL "ANXO CARRO"

Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (BOE do 28 de abril), a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), competencia que é desenvolvida pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (DOG do 13 de abril).

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é titular do campo de fútbol Anxo Carro, consonte ao Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe no seu artigo 5.1.r) á Administración autonómica o exercicio, entre outras, da competencia para ordenar e, de ser o caso, xestionar as instalacións e os centros deportivos que teña adscritos. Asemade, e de conformidade co artigo 5.2 da mesma norma as competencias indicadas na alínea anterior exerceranas, nos termos establecidos nesta lei e, se é o caso nas súas normas de desenvolvemento, os órganos administrativos que determinen as normas de organización e funcionamento da Xunta de Galicia.

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría xeral para o Deporte a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de deporte.

Pola súa banda, segundo o artigo 48.1 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para outorgar autorizacións e concesións sobre bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia que non veña especificamente determinada por unha norma con rango de lei, correspóndelle á persoa titular da consellaría á que se encontren



adscritos ou ao órgano unipersoal de goberno da entidade pública instrumental titular ou á que se encontren adscritos os bens ou dereitos.

A Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería, no seu artigo 4º delega na persoa titular da Secretaría Xeral Técnica as competencias en materia de xestión patrimonial.

Desde o 6 de setembro de 1974, en virtude dun contrato de alugamento asinado entre o club e a Delegación Nacional de Educación Física e Deportes, o Club Deportivo Lugo vén utilizando as instalacións e servizos propios do campo de fútbol Anxo Carro para o desenvolvemento da súa práctica deportiva. A partir do decreto de traspaso de transferencias (Real decreto legislativo 2334/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, BOE núm. 235, do 1 de outubro), a titularidade das instalacións do Anxo Carro pasaron a ser da Comunidade Autónoma de Galicia pero mantivéronse as condicións do citado contrato de alugamento co Club Deportivo Lugo.

No ano 2011, o Club ascendeu á segunda categoría da Liga de Fútbol Española (competición profesional), o que levou aparelado ter que cumprir cunha serie de condicións técnico-deportivas en canto as instalacións nas que os clubs desenvolven as súas prácticas deportivas, segundo os requirimentos establecidos no Regulamento Xeral da Liga Nacional de Fútbol Profesional. Esta tempada compite na Liga Primera Federación da Real Federación Española de Fútbol.

Por resolución do 14 de abril de 2014, da Secretaría Xeral para o Deporte, outorgouse unha concesión demanial directa sobre as instalacións do campo de fútbol ao Club Deportivo Lugo, por concorrer o suposto previsto no artigo 40.5 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita resolución foi publicada no DOG do 30 de abril de 2014.

O 5 de maio de 2014 asinouse o correspondente convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Club Deportivo Lugo, como o documento administrativo de formalización da dita concesión administrativa, cunha duración de dez (10) anos e coa posibilidade de prórrogas anuais ata un máximo de vinte e cinco (25) anos. O 2





de maio de 2024 asinou a resolución de prórroga por un ano, polo que o convenio remata a súa vixencia o 2 de maio de 2025.

De acordo co artigo 94 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, e co artigo 47 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, non concorre no Club Deportivo Lugo ningunha das prohibicións de contratar reguladas no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que imposibilitarían que este desempeñase a condición de titular dunha concesión demanial.

No caso de que posteriormente ao outorgamento da concesión o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar, producirase a extinción da concesión.

Bases legais:

- Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Normas básicas da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e do seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Visto o anterior, visto o informe favorable da Subdirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública de data 9 de decembro de 2024 e o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 2 de xaneiro de 2025,

RESOLVO:

1. Outorgar unha concesión demanial ao Club Deportivo Lugo sobre as instalacións do campo de fútbol Anxo Carro, situado na avenida dos Deportes, s/n, en Lugo 27004, cunha superficie do solo de aproximadamente uns 14.331 m² segundo figura no catastro (referencia 6523501PH1662S0001GQ e vinculado co código de inventario L0106).





2. Acordar o outorgamento directo da concesión por concorrer o suposto previsto no artigo 46.1º da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, dadas as circunstancias excepcionais que xustifican o outorgamento ao Club Deportivo Lugo.

3. Establecer a gratuidade da concesión, de acordo co establecido no número 4 do artigo 46 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, dado que aínda que o aproveitamento das instalacións produce unha utilidade económica para o concesionario esta é irrelevante xa que os ingresos xerados pola utilización das instalacións servirán para facer fronte aos numerosos gastos de xestión que comporta a instalación.

4. Determinar que a concesión se rexa polas seguintes condicións:

- O Club Deportivo Lugo comprométese a facer fronte aos gastos anuais de conservación, reparación e melloras, mantemento, limpeza e seguridade necesarios para garantir o bo uso das instalacións, e pagar todos os impostos dos que sexa obxecto o inmovible, dende a data da sinatura do documento administrativo no que se formalizará a nova concesión así como das subministracións necesarias para o correcto funcionamento das mesmas.
- Comprométese tamén, a levar a cabo todas as obras necesarias para a adecuación do campo de fútbol as esixencias técnico-deportivas que o Consello Superior de Deportes lle traslade ao club para poder participar na competición española, das que dará cumprida conta, para o seu coñecemento, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e as de conservación, reparación, melloras e reformas, mantemento e mellora técnica que en cada caso sexan precisas ou veñan impostas por normas de carácter xeral, debendo obter as licenzas precisas, previa autorización da dita consellería.
-
- O Club Deportivo Lugo deberá manter e conservar o campo de fútbol e as súas instalacións, así como a parcela en que se sitúan en perfecto estado de utilización, funcionamento, limpeza e hixiene, e realizar pola súa conta os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas, así como as obras necesarias que excedan a mera conservación e mantemento e que poidan ser impostas pola RFEF, así como pola finalización da vida útil do campo, ou aquelas





outras obrigadas pola normativa que poida aprobarse posteriormente á sinatura do documento administrativo.

- O cesionario cederá gratuitamente á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, os espazos publicitarios no campo necesarios para exhibir publicidade desta e correrá cos gastos derivados da contratación dos soportes publicitarios imprescindibles para elo, por un investimento mínimo de quince mil euros anuais (15.000,00 €/ano).
 - O Club Deportivo Lugo porá á disposición da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dez (10) entradas en zona de palco presidencial para cada partido e/ou evento de carácter deportivo que se celebren no "Anxo Carro".
 - O Club Deportivo Lugo subscribirá unha póliza de seguro a todo risco, de perdas e anos materiais, polo importe do valor do inmovible. Ademais, subscribirase unha póliza de seguro de responsabilidade civil que garanta posibles danos a terceiros. A Comunidade Autónoma de Galicia será a beneficiaria e a asegurada, respectivamente, destas pólizas, que se manterán durante todo o período da concesión, prazo inicial e, se é o caso, prórrogas.
 - O período de duración desta concesión será de trinta (30) anos contados a partir da sinatura do documento administrativo de formalización da concesión, de conformidade co artigo 46.3º da Lei 6/2023, do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Son causas de extinción desta concesión as establecidas no artigo 55 da dita Lei.
- O incumprimento das cláusulas da concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador de conformidade co disposto nos artigos 231 e seguintes da Lei 6/2023, do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, ou normativa que a posteriori os substitúa ou de preferente aplicación.
- Ao extinguirse a concesión, o campo de fútbol con todas as súas instalacións e obras, reverterán na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, sen que o concesionario teña dereito á percepción de contraprestación ningunha pola reversión.
 - Unha vez transcorrido o prazo máximo da concesión, o concesionario deberá abandonar e deixar libre e á disposición da Comunidade Autónoma de Galicia as



instalacións. En caso contrario, a Administración autonómica terá a potestade de acordar e executar por si mesma o lanzamento.

- En caso de rescate anticipado da concesión, o Club Deportivo Lugo será indemnizado polos quebrantamentos materiais xurdidos pola extinción anticipada. O rescate deberá estar baseado nunha circunstancia sobrevida de interese público.
- A concesión non implica cesión do dominio público, obrigándose o concesionario a non traspasar ou ceder mediante calquera negocio xurídico, en forma ningunha, os dereitos inherentes a esta concesión.
- Serán causas de revogación ou modificación da presente resolución as recollidas no artigo 55 da 6/2023, do 2 de novembro do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, se fora o caso, a posible e futura concorrência doutro club da cidade na mesma ou superior categoría que poida estar interesado na utilización das instalacións do campo de fútbol Anxo Carro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

P.D. (Orde do 12 de xuño de 2024 , DOG núm. 117 do 18 de xuño)

O secretario xeral Técnico

Francisco Javier Abad Pardo

